

REQUISITOS DA CONTRATACIÓN

Para gozar das vantaxes das Condicións Particulares da Cuenta Negocio Triodos é preciso cumprir os seguintes requisitos de vinculación:

- Ter máis de 1 ano de antigüidade na actividade.
- Domiciliar o pagamento da Seguridade Social na súa Cuenta Negocio Triodos (cotas de autónomo ou as cotizacións dos seus empregados).
- Utilizar cando menos 2 dos produtos contratados ao ano.

En caso de non cumprir estes requisitos, as Condicións Particulares aplicables a esta contratación serán as recollidas nas Tarifas Vixentes sen Vinculación que lle foron enviadas por correo electrónico en soporte duradeiro, previamente á sinatura desta solicitude e con suficiente antelación, xunto coa documentación contractual e as condicións xerais dos produtos. Os produtos recollidos neste impreso están regulados polas condicións xerais da Cuenta Corporativa/Corriente Triodos, Tarjeta Débito Triodos, Emisión de Recibos Triodos, Emisión de Transferencias Triodos e TPV Triodos.

A PRODUTOS QUE CONTRATA COA SÚA Cuenta Negocio

Cuenta Corriente e servizos de pagamento (obrigatorios)

Cuenta Negocio Triodos

Emisión de Transferencias Negocio Triodos

Tarjeta Débito Negocio Triodos

(Comisión por mantemento: 24 €. Gratuíta o primeiro ano)

Servizos de cobramento (indique cando menos un)

Emisión de Recibos Negocio Triodos

TPV Negocio Triodos

Solicitud de financiamento (opcional)

Tarjeta de Crédito Negocio Triodos

Liña de Crédito Negocio Triodos

Ante calquera solicitude de financiamento, Triodos Bank realiza en primeiro lugar unha análise cualitativa para valorar a coherencia da actividade coa política de investimento do banco. En segundo lugar, realízase a análise do risco habitual nas entidades de crédito.

B DATOS DO SOLICITANTE

Sr. Sra. Razón social/Nome completo _____ CIF/NIF _____

Forma xurídica (S.L., asociación, autónomo...) _____ Data de constitución/alta _____

Sector actividade _____ CNAE (Clasificación Nacional de Actividade Económica) _____

Domicilio social/enderezo _____

Poboación _____ CP _____ Provincia _____

Teléfono _____ Email _____

Enderezo para comunicacións _____

Persoa de contacto _____ Cargo _____

C DATOS DOS REPRESENTANTES LEGAIS E APODERADOS (só para empresas ou institucións)

Representante/Apoderado 1	Nome _____	Apelidos _____		Tarjeta de débito	Tarjeta de crédito
Data de nacemento _____	NIF/NIE _____	CNO _____	Tel. _____	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Enderezo _____					
Poboación _____ CP _____ Provincia _____					

Representante/Apoderado 2	Nome _____	Apelidos _____		Tarjeta de débito	Tarjeta de crédito
Data de nacemento _____	NIF/NIE _____	CNO _____	Tel. _____	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Enderezo _____					
Poboación _____ CP _____ Provincia _____					

Encha esta información só no caso de solicitar o TPV Virtual

Contacto técnico _____ Páxina web _____

Email do contacto técnico _____ Email do comercio _____

O comercio só admite transaccións baixo protocolos seguros 3D Secure.

O comercio admite todo tipo de operacións seguras e non seguras (pagamento U. Segundo intento e pagamento tradicional sen solicitude de autenticación.)

CONDICIÓNS PARTICULARES

Taxa de desconto tarxetas propias 0,50 % 0 € Imp. mín. Taxa de desconto tarxetas alleas 0,50 % 0 € Imp. mín.

Límite diario de comercio 2.000 € 0 € Comisión de mantemento/inactividade 0 €

H SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO

De ter indicado no apartado A que desexa solicitar financiamento, para a súa valoración precisamos que nos entregue

Empresas e institucións

- Imposto de sociedades do último ano.
- Obrigas de pagamento noutras entidades financeiras.

Autónomos

- IRPF do último ano.
- Formulario de Declaración de Bens.
- Obrigas de pagamento noutras entidades financeiras.

Unha vez realizada a análise cualitativa e financeira contida na política de investimento de Triodos Bank, poñerémonos en contacto con voste-
de para comunicarlle o resultado e, en caso de valoración positiva, proceder á sinatura do contrato.

CONDICIÓNS PARTICULARES – LIÑA DE CRÉDITO

		Custos	
LÍMITE DA LIÑA DE CRÉDITO (até 10.000 €)	_____ €	Comisión de estudo	<u>0</u> €
TAXA DE XURO POR DISPOSTO* * 4,84 % TAE . Aplícase sobre o saldo disposto cada día.	<u>4,75</u> %	Comisión de non disposición	<u>0</u> €
		Comisión de cancelación anticipada	<u>0</u> €
		Comisión de apertura	<u>0</u> €

CONDICIÓNS PARTICULARES – TARXETA DE CRÉDITO

		Custos	
LÍMITE DA TARXETA DE CRÉDITO (até 1.200 €)	_____ €	Comisión por mantemento (Gratuita o 1º ano).	<u>34</u> €

Escolla só unha forma de pagamento para a súa Tarjeta de Crédito Triodos:

A fin de mes (sen xuros) Aprazado (TIN mensual 1%*) { Cota: _____ % (mín. 10 %; máx. 30 %)
 Importe*: _____ € (mín. 60 €; máx. 600 €)

* TAE : 12,68 % o primeiro ano, 18,96 % o resto de anos.

* Cun mínimo do 10 % sobre o límite da tarxeta. A cota / importe seleccionado inclúe capital e xuros. Pode modificar ou seleccionar outra forma de pagamento a través de Banca Telefónica, Banca Internet ou en calquera das nosas oficinas.

I ASINE AQUÍ

Debido a que o obxecto dos datos recompilados mediante o presente documento é analizar a solicitude de financiamento presentada, informámoslle de que o banco tratará os datos subministrados para a análise e avaliación da solvencia, polo que poderá a tal efecto e chegado o caso:

- Recompilar e comunicar información á CIRBE (Central de Información de Riscos do Banco de España) relativa á identificación e riscos de crédito conforme á normativa aplicable.
- No seu caso, solicitar e comunicar información a ficheiros comúns de solvencia patrimonial e crédito, comprendendo información relativa á solvencia, datos de contacto actualizados para o cobramento, así como débedas certas, líquidas, esixibles con vencemento non superior a 6 anos cuxo pagamento fora requirido.
- Obter información de rexistros públicos e de empresas que facilitan informes comerciais (información de solvencia e actualización de datos de contacto).

A sinatura desta solicitude implica a aceptación das condicións xerais e especialmente da cláusula de consentimento e aceptación do Contrato Global e de produto que figuran neste impreso.

En _____, a _____ de _____ de 20_____

Triodos Bank NV S.E.

Representante/Apoderado 1

Representante/Apoderado 2

Representante/Apoderado 3


Mikel García-Prieto
 Director Xeral

CLÁUSULA DO CONTRATO GLOBAL, DE PRODUTO E PROTECCIÓN DE DATOS

Por medio deste documento, o(s) asinante(s), no propio nome, no nome da entidade á que representa(n) ou na súa condición de representante(s) legal/legais ou apoderado(s), declara(n) que: 1) recibiu/recibiron coa suficiente antelación e acepta(n) o Contrato Global Triodos Bank NV S.E. vixente que inclúe as Condicións Xerais de Triodos Bank NV S.E. e as Condicións Xerais de produtos e servizos, e nomeadamente a cláusula relativa á gravación de conversacións telefónicas e ás normas de seguridade para claves de acceso, operativa telefónica e operativa por Internet, 2) acepta/n as condicións particulares e financeiras do(s) produto(s) contratado(s), 3) recibiu/recibiron un exemplar do Libro de Tarifas, Comisións, Gastos e Normas de Valoración e do Tabeleiro de Anuncios, 4) no caso de estar interesado(s) na contratación de produtos de Triodos Bank NV S.E. de xeito non presencial (vía electrónica ou postal), declara(n) coñecer que dispuxo/dispuxeron coa suficiente antelación da información referida aos nosos produtos dispoñible en soporte duradeiro en www.triodos.es, así como ao sistema de resolución de conflitos a través do Servizo de Atención ao Cliente, á posibilidade de exercer o dereito de desistencia dentro dos 14 días seguintes á contratación de determinados produtos mediante comunicación escrita dirixida ao Banco, á existencia dun sistema de garantía de depósitos regulado polo Banco Central dos Países Baixos, e á existencia de comisións e gastos repercutibles (tamén sempre accesibles solicitando información escrita no 902 360 940 ou en www.triodos.es), 5) no suposto de subscripción do presente documento mediante sinatura electrónica manuscrita ou sinatura manuscrita dixitalizada, declara(n) ter comprobado e validado a corrección da mesma, recoñecéndoa como propia, e autoriza(n) a utilización de medios electrónicos e/ou telefónicos para completar debidamente o proceso de contratación. Os contratos e documentos así asinados serán gardados pola Entidade coas garantías suficientes definidas na lexislación aplicable.

Así mesmo, declara(n) que: 1) os seus datos persoais facilitados a Triodos Bank son verdadeiros e exactos, 2) é/son maior(es) de idade e, de ser o caso, actúan en representación do menor de idade cuxos datos se inclúen no presente contrato, 3) acepta(n) expresamente a cláusula relativa á protección de datos de carácter persoal contida no Contrato Global Triodos vixente, na que: a) se reconece a Triodos Bank NV S.E. como responsable do tratamento dos datos facilitados coas fins de estudar a presente solicitude, e unha vez aprobada, executar o contrato, así como, con base no interese lexítimo de Triodos Bank NV S.E. poder comunicarlle ofertas de produtos e servizos de Triodos Bank, enviarlle alertas de produtos contratados, efectuar gravacións das conversacións telefónicas para fins de calidade e acreditación das mesmas e, en xeral, o resto de finalidades detalladas no Contrato Global Triodos. O interese lexítimo de Triodos Bank sempre estará equilibrado cos seus intereses e poderá solicitarnos en todo momento que deixemos de enviarlle comunicacións e/ou ofertas comerciais, así como opoñerse ao resto de finalidades baseadas no interese lexítimo. b) Os datos tratados clasifícanse en datos identificativos, datos de características persoais, datos financeiros e de solvencia e datos contractuais, e foron facilitados por vostede ou por terceiros que faciliten información de solvencia necesaria para o estudo da súa solicitude como a CIRBE ou ficheiros de solvencia patrimonial, así como aquelas empresas que participen na execución das transaccións que poida solicitar en execución do seu contrato. c) Os seus datos serán xestionados confidencialmente por Triodos Bank NV S.E. e só se facilitarán a aqueles terceiros autorizados por vostede, así como cando unha norma xurídica requira a comunicación (como, por exemplo, nos supostos de prevención do branqueo de capitais, Ficheiro de Titularidades Financeiras ou á CIRBE) ou cando resulte necesaria para a prestación do servizo contratado, incluídas as comunicacións a ficheiros de solvencia. Para iso, poderá utilizar os servizos de terceiras empresas que poderán acceder aos seus datos pola nosa conta. d) Como sucursal en España da entidade de crédito neerlandesa Triodos Bank NV, os seus datos poderán ser tratados nos Países Baixos para xestións necesarias para a execución dos seus contratos ou para cumprir con obrigas legais. En todo caso os seus datos non serán enviados a países fóra do Espazo Económico Europeo. e) Os seus datos conservaranse un máximo de 10 anos desde a cancelación do seu contrato para cumprir cos requirimentos legais e un prazo máximo de 6 meses para solicitudes non aprobadas e que poden ser utilizadas para axilizar o estudo dunha nova solicitude no devandito prazo. f) Triodos Bank NV S.E. nomeou un Delegado de Protección de datos ao que se poderá dirixir para calquera consulta relacionada coa protección dos seus datos, así como para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento, portabilidade e revogación de consentimentos para finalidades que non garden relación directa co desenvolvemento da relación contractual, a través da súa caixa de correo persoal en www.triodos.es ou mediante correo electrónico protecciondedatos@triodos.es ou correo postal Triodos Bank NV S.E., c/ José Echegaray 5, Parque Empresarial Las Rozas, 28232 Las Rozas, Madrid.

- a) En relación cos TPV (Terminal Punto de Venta) proporcionados polo Banco, o Cliente comprométese a cumprir os requisitos de información e documentación requiridos polos estándares do Programa de Seguridade de tarxetas PCI (Payment Card Industry), coa periodicidade establecida nos mesmos e a informar sobre as Incidencias de Seguridade. As responsabilidades que se deriven pola falta de cumprimento desta obriga serán por conta única e exclusivamente do Cliente.
- b) En relación coas tarxetas de crédito e débito, o Cliente deberá notificar a perda, subtracción, copia ou uso fraudulento da Tarxeta no mesmo momento no que teña coñecemento. Entenderase por conduta negligente o incumprimento das obrigas de custodiar a Tarxeta, manter en segredo as súas claves de seguridade e notificar ao Banco o seu roubo, furto, extravío ou falsificación. O uso autorizado do Número de Identificación Persoal da Tarxeta por unha persoa distinta do titular ou beneficiario correspondente presupon, agás proba en contrario, grave negligencia ou fraude por parte deste, coa excepción da forza maior. O Banco, queda exento de responsabilidade: i) en caso de falta de atención a calquera das Tarxetas por parte dalgún dos comercios, bancos e caixas comprometidos á venda de bens ou prestación de servizos; ii) por incidencias de tipo técnico ou operativo nos caixeiros automáticos alleos á súa propia rede; e iii) polas incidencias e responsabilidades que se poidan derivar da operación realizada entre o establecemento e o titular da Tarxeta ou os beneficiarios das Tarxetas adicionais, de habelas.
- c) En relación coa emisión de recibos (Norma 19), o Cliente responderá sempre da lexitimidade dos créditos e da solvencia dos debedores e das devolucións que se produzan en calquera prazo, por calquera motivo. O Banco non asume ningunha garantía a respecto do cobramento íntegro das cantidades especificadas nas relacións e soportes magnéticos, nin será responsable daqueles créditos comerciais que teñan algún defecto legal, e o Cliente non poderá esixirlle responsabilidade ningunha por razón das cantidades efectivamente cobradas, nin polas datas nas que se fagan os cobramentos. Igualmente, o Cliente emisor dos recibos asume a obriga de contar en todo caso co Mandato do destinatario dos recibos autorizando o seu cargo en conta como consecuencia das relacións comerciais entre ambos os dous. Así mesmo, o Cliente declara coñecer e aceptar as Condicións Xerais da Emisión de Recibos recollida ao final do presente documento e, por tanto, asume e se compromete a cumprir con todas e cada unha das obrigas contidas nas mesmas.
- d) En relación coa emisión de transferencias (Norma 34), o Cliente garante e responsabilízase fronte ao Banco da realidade, validez e regularidade dos pagamentos. Por iso, en ningún caso, o Banco deberá considerar ou analizar a lexitimidade dos pagamentos, o que será da exclusiva competencia e responsabilidade do Cliente, que reconece que as controversias de calquera tipo que poida manter cos receptores da transferencia non afectarán á prestación do servizo, exonerando expresamente a Triodos Bank de toda responsabilidade sempre que este cumprira coas obrigas contractuais establecidas.
- e) O Cliente coñece os Requisitos da Contratación recollidos ao inicio do presente documento e acepta expresamente as consecuencias do incumprimento dos mesmos que afectan ás Condicións Particulares.

EXCEPCIÓNS Á APLICACIÓN DA NORMATIVA SOBRE TRANSPARENCIA BANCARIA

O(s) titular(es) manifesta(n) que este contrato se realiza cunha finalidade comercial relacionada coa súa actividade empresarial ou profesional e, en consecuencia, as partes acordan, consonte o réxime opcional contemplado nos artigos 17 e 23 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de Servizos de Pagamento, a non aplicación ao presente contrato do Título III, así como dos artigos 24.1, 25.1 último inciso do primeiro parágrafo, 30, 32, 33, 34, 37 e 45 de dita lei, tal como os mesmos puidesen ser modificados ou desenvolvidos regulamentariamente. Acordan, así mesmo, a non aplicación da Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de empréstitos, agás no establecido nas súas normas décimo terceira a décimo quinta e a non aplicación da Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo. Consonte o establecido na Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento, as partes acordan que non será aplicable esta orde ou calquera outra normativa de desenvolvemento das anteriores normas citadas.

AUTORIZACIÓN SOBRE A ACTIVIDADE PROFESIONAL

Autorizo a Triodos Bank NV, Sucursal en España, a informar sobre a actividade profesional do Cliente e a utilizar información non confidencial relacionada, incluíndo a posibilidade de visualización exterior das instalacións a través de ferramentas on-line como Google Maps ou similares, desde a propia web do Banco ou noutras publicacións, en cumprimento da política de transparencia total da entidade. O Cliente manifesta a súa total conformidade con esta política e provera a Triodos Bank NV, Sucursal en España, coa información necesaria para ditas publicacións sen custo algún.

